

A MORFOLOXÍA VERBAL NA OBRA EN GALEGO DE MANUEL MURGUÍA Á LUZ DA DIALECTOLOXÍA

José Ángel García López
Universidad de Murcia*

Resumen: Este artículo tiene por objeto el estudio de la morfología verbal en la producción literaria de Manuel Murguía. Los estudios descriptivos sobre el gallego de textos y autores poseen una finalidad didáctica, ya que proporcionan información acerca del grado de dialectalismo, usos lingüísticos, etc. Asimismo, estos trabajos son necesarios para seguir el proceso de estandarización del idioma gallego.

Summary: *This essay analyses some of the characteristics of Galician language used by Manuel Murguía in his literary production. Descriptive studies about language in writers and their works have a didactic purpose, inasmuch as they are helpful on dealing with dialectalisms, linguistic terms, etc. In the same way, these works are necessary in order to notice the process of the standardization of Galician language.*

1. CONSIDERACIÓNS PRELIMINARES

No presente artigo levamos a cabo unha breve aproximación á morfoloxía verbal exhibida na produción en galego do intelectual Manuel Murguía (Froxel-Oseiro, Arteixo, 1833-A Coruña, 1923), quen ocupa un lugar sobranceiro dentro do movemento de recuperación cultural que ten lugar en Galicia durante o século XIX e que recibe o nome de Rexurdimento. Por razóns obvias, só incidimos nos aspectos máis representativos desde a perspectiva da dialectoloxía, comparando os ditos aspectos cos materiais xeolingüísticos elaborados polo Instituto da Lingua Galega, dado que o afondamento na análise da gramática de Murguía esixiría unha extensión superior á que nos debemos cinguir. Tocante á descrición da morfoloxía verbal, esta será estudada desde dúas vertentes: por unha banda, respecto do

* ***Dirección para correspondencia:** Prof. José Ángel García López. Dpto. de Filología Francesa, Románica, Italiana y Árabe. Fac. de Letras. Universidad de Murcia. 30071-Murcia (España). josangel@um.cs

galego común, entendendo como tal o estándar lingüístico actual¹, e pola outra en relación coa lingua que se fala nas zonas da Coruña e de Santiago de Compostela, nas cales residiu Murguía durante moitos anos da súa vida. A referida estrutura permitíranos apreciar en que medida o mencionado escritor reflicte elementos característicos destas zonas como alicerces nos que cimenta a lingua que emprega literariamente, sen esquecer que na época en que Murguía publica os seus traballos o idioma galego carecía non só dunha normativa ortográfica cohesionada, senón tamén dun patrón que orientase os autores na escolla de solucións fonéticas, gramaticais ou léxicas, de maneira que cada escritor seguía un criterio baseado esencialmente no recurso á fala viva, a lectura das obras doutros autores e maila comparación coas linguas veciñas, portugués e castelán. No noso exame observaremos polo miúdo diversas cuestións relacionadas cos sufixos modo-temporal e número-persoal e mailas vogais radical e temática, ademais de revisa-lo criterio do Patriarca verbo da acentuación da primeira e segunda persoas de plural do pretérito, do antepretérito, do copretérito de indicativo e do pretérito de subxuntivo. Así mesmo, analizaremos outros feitos salientables como os radicais que presentan algúns verbos irregulares de acordo coa distribución xeográfica das distintas variantes dialectais, a construción das perífrases verbais, a utilización das formas nominais e o emprego do verbo *haber* como auxiliar.

Nas sucesivas edicións da obra en galego de Murguía producíronse unha serie de modificacións que alteraron substancialmente os textos de partida². É por isto que para a nosa análise seguímo-lo criterio de busca-los orixinais publicados en vida do autor ou ben nos servimos daquela edición na que o editor asegura manterse máis fiel ó orixinal co fin de respectar totalmente as características lingüísticas dos mesmos: este último é o caso do discurso “Eduardo Pondal e a súa obra”, que viu a luz de xeito póstumo, xa que consideramos que a reprodución incluída no *Boletín de la Real Academia Gallega* é a que se achega en maior medida á redacción orixinal de Murguía. A falta do correspondente texto autógrafo -de feito, un borrador- impide calquera tentativa de análise definitiva da praxe lingüística do Patriarca, mais consideramos que a análise do resto dos textos permite establecer con bastante fidelidade o paradigma do que se serviu Murguía para a elaboración da súa obra en galego. Renunciamos ó estudo das cartas asinadas conxuntamente por Murguía e Uxío Carré que foron exhumadas por Xosé Neira Vilas³ debido ás particularidades léxicas e ortográficas presentes naquelas, as cales diverxen dos usos habituais nos escritos que Murguía asinou en solitario, o que proba a participación activa de Carré na composición das sobreditas cartas. Feitas estas consideracións previas, o corpus no cal baseámo-la nosa análise queda constituído polos seguintes textos, ós que remitiremos no sucesivo a través de cadansúa abreviatura:

1 Ó referirmos á norma vixente actualmente, seguímo-lo estándar enunciado polas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, 18ª ed., Vigo, RAG / ILG, 2003.

2 Este é un feito recorrente nas escolmas incluídas nos volumes de Vicente Risco, *Manuel Murguía*, 2ª ed., Vigo, Galaxia, 1976 ou de Henrique Rabuñal Corgo, *Manuel Murguía*, Santiago de Compostela, Laiovento, 1999, na colectánea de Francisco Antonio Vidal *Manuel Murguía. Textos en galego*, Cadernos Cruceiro do Rego, 10, Noia, Toxosoutos, 1999 e tamén na antoloxía *Escritos en galego*, Vigo, Galaxia, 2000. Podemos comprende-lo criterio das editoriais galegas ó adecua-los textos do noso autor á normativa vixente, mais, precisamente por isto, consideramos necesaria unha edición correcta dos clásicos galegos tanto no plano ortográfico como no morfosintáctico, xa que de non se facer así, o único que se ofrece ó lector é un híbrido que non responde nin á redacción orixinal nin ó estándar actual.

3 Neira Vilas, Xosé, *Manuel Murguía e os galegos da Habana*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 2000.

- LO: “Nena das soledades”, *La Oliva*, 8, 27-II-1856, p. 2.
- LPG: “Juegos Florales de Galicia. Discurso d’o Presidente, señor don Manuel Murguía”, *La Patria Gallega*, 15-VII-1891, pp. 1-6.
- OTM: [“A Valentín Lamas Carvajal”], *O Tío Marcos d’a Portela. Parrafeos c’o pobo gallego*, 32, 31-V-1918, p. 2.
- TAN: [“A Curros”], *Terra a Nosa. Suplemento de El Noroeste. Vol. 3: Homenaxe ao poeta Curros Enríquez*, 28-II-1919, p. 23.
- BRAG: “Eduardo Pondal e a súa obra”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 248-249, 1933, pp. 184-192.

2. ASPECTOS DA MORFOLOXÍA VERBAL

2.1. O sufixo modo-temporal

A terminación *-no-* do pretérito de indicativo é propia hoxe do occidente coruñés e puntos esporádicos de Pontevedra⁴. En puntos illados da Coruña nos que aparece *-ro-* está atestada a forma *-no-*, polo que non sorprende a alternancia de ámbalas solucións nos textos de Murguía: *fixenon* (LPG: 2), *puxenon* (LPG: 2), *falaron* (LPG: 2), *foron* (LPG: 5). É de notar que tamén na produción de Rosalía de Castro se atopan exemplos da sobredita variante dialectal⁵.

2.2. Alteracións da vogal radical

O usual é que, en contra do que hoxe constitúe a norma, Murguía non respecte a distribución das vogais *e / i* que se establece nos radicais dos verbos da terceira conxugación que posúen a dita particularidade no presente de indicativo, posiblemente por mor da influencia do castelán: *fire* (BRAG: 188), *sintense* (LPG: 2), *sinten* (LPG: 4), ben que hai excepcións: *seguen* (LPG: 5), *sérvenme* (TAN: 23). Na segunda persoa de singular do pretérito de indicativo dos verbos *ser* ou *ir* hai en galego a dupla distribución *foche(s) / fuche(s)*, alternancia dialectal paralela á que se dá entre as vogais temáticas *e / i* deste tempo e persoa⁶, mais non anotamos exemplos destas formas nos textos en galego do Patriarca.

2.3. O sufixo número-persoal

No que atinxe ás catro posibles solucións que no territorio galego ofrece o sufixo número-persoal para a segunda persoa de singular do pretérito de indicativo (*che / -ches / -ste / -stes*⁷), documentamos na produción do Patriarca o resultado *-ches*, que coincide co consagrado pola normativa actual: *quixeches* (OTM: 2), *serviches* (OTM: 2), *fuches* (OTM: 2). No que concirne á segunda persoa de plural deste tempo, achámo-la terminación *-chedes*,

4 Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Xerais, 1990, pp. 90-91.

5 Carballo Calero, Ricardo, *Particularidades morfolóxicas del lenguaje de Rosalía de Castro*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicaciones de la USC, 1972, p. 61.

6 Sobre a distribución territorial da alternancia *u / o* no pretérito de indicativo dos verbos *ser* ou *ir*, vid. García, Constantino e Manuel González González (dirs.), *Atlas Lingüístico Galego. Vol. I: 2. Morfoloxía verbal*, A Coruña, Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1990, p. 694.

7 Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía...*, ob. cit., pp. 87-88.

solución hipercaracterizada testemuñada esporadicamente por toda Galicia⁸: *vichedes* (LPG: 1), *abrichedes* (LPG: 5), *chamáchedes* (LPG: 5), *quitáchedes* (LPG: 5).

Á marxe do pretérito e polo que se refire ós sufixos da segunda persoa de plural do presente de indicativo, para as tres conxugacións a forma rexistrada foi case sempre *-des* (*dades*, LPG: 4; *sabedes*, LPG: 5; *sodes*, LPG: 5), o que supón un dato salientable ó se-la súa desaparición un trazo típico da área fisterrá⁹ e que mesmo se pode apreciar frecuentemente nas obras de Rosalía¹⁰ ou Curros¹¹. Localizamos unha excepción no caso do verbo *ter*, o cal presenta no tempo e persoa indicados unha distribución dialectal en relación coas variantes *tendes* / *tedes* (imperativo *tende* / *tede*). *Tendes* é propio do occidente da Coruña, case toda Pontevedra e Ourense (excepto en falas próximas a Lugo), fronte a *tedes* do resto do galego¹². Na obra de Murguía alternan as formas con *-n-* coas que non exhiben esta consoante: *Tende ánimo* (LPG: 1), *téndes atadas as provincias* (LPG: 5), *tédela* (LPG: 5). Tocante ó tratamento que Murguía dispensa ó imperativo noutros verbos, o sufixo número-persoal amosa o resultado *-de* tanto na primeira como na segunda conxugación, sen que atopásemos exemplos correspondentes á terceira: *confiade* (LPG: 1), *léde* (LPG: 5). Con todo, o noso autor tamén sofre as consecuencias de pertencer a unha área lingüística na que se distingue para a segunda persoa de plural no sufixo número-persoal a perda da consoante *-d-*, típica de boa parte da costa coruñesa¹³, o que se reflicte nunha ocasión: *decime* (LPG: 4).

2.4. A vogal temática

Os verbos acabados en *-aer* non mostran unha vogal temática irregular *i* para a terceira persoa de singular do presente de indicativo: *trae* (LPG: 6). Canto á mesma persoa do verbo *querer*, esta ofrece o resultado apocopado *quer* (BRAG: 187). Esta forma, aínda que se pode atestar na fala, é moi minoritaria. Sobre este particular, Fernández Rei apunta que esta apócope está documentada no occidente da Coruña e no galego asturiano¹⁴. As variantes de formas verbais con perda do *-e* final testemuñáanse na época medieval con moita frecuencia polo que fai ós verbos que presentan a terminación *-erer*. Así e todo, xa en textos desa etapa aparece a recuperación do *-e* final que deu orixe á forma plena e maioritaria do galego actual¹⁵.

En consonancia coa área xeolingüística do noso autor, a vogal temática da segunda persoa singular dos pretéritos fracos da segunda conxugación debería se-la analóxica *e*, propia da banda occidental de Galicia¹⁶, extremo que non puidemos concretar pola falla de

8 Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía...*, ob. cit., pp. 90-91.

9 Mariño Paz, Ramón, "O sufixo número-persoal da P5 en galego: o retroceso moderno da solución *cantás*", *Cadernos de Lingua*, 5, 1º semestre de 1992, p. 85.

10 Carballo Calero, Ricardo, *Particularidades morfolóxicas del lenguaje de Rosalía de Castro*, ob. cit., p. 54.

11 No caso de Curros, debemos sinalar que posiblemente se vise influenciado ó respecto pola poetisa de Padrón, pois esta solución é allea á zona lingüística de Celanova (María do Mar Rúa Ferradas, "Estudio do galego en *Aires d'a miña terra* e no *Divino Sainete*", en Sánchez, Cesáreo [coord.], *Curros Enríquez. Crebar as liras*, Cadernos A Nosa Cultura, 9, Vigo, Eds. A Nosa Terra, 1987, p. 70).

12 Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía...*, ob. cit., p. 101.

13 Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía...*, ob. cit., p. 90.

14 Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía...*, ob. cit., p. 99.

15 Ferreiro, Manuel, *Gramática histórica galega. Vol. I*, 3ª ed., Santiago de Compostela, Laivento, 1996, p. 283.

16 García, Constantino e Manuel González González (dirs.), *Atlas Lingüístico Galego. Vol. I: I. Morfoloxía verbal*, A Coruña, Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1990, p. 126.

exemplos nos textos de Murguía. O noso autor, criado en Santiago de Compostela, pertencía a unha zona lingüística na cal a terceira persoa de singular do pretérito de indicativo dos verbos da segunda conxugación ofrece a terminación *-eu* fronte á terminación *-iu* exhibida polos verbos da terceira: *permitiu* (BRAG: 185), *siguiu* (BRAG: 191). Non obstante, os seus escritos reflicten tamén a neutralización de ámbalas terminacións a prol da segunda, neutralización que está igualmente atestada nos territorios adscritos ó referido concello¹⁷: *sofréu* (LPG: 2), *esquenceu* (LPG: 3), *fireu* (LPG: 3), *praceu* (LPG: 6), *viveu* (BRAG: 191). En principio, entre os verbos *ver* e *vir* debería existir diferenza; isto é, non se debería realizar a referida neutralización, extremo que non chegamos a confirmar posto que unicamente anotamos exemplos do pretérito do verbo *vir* na produción en galego do Patriarca: *veu tan á menos* (LPG: 2).

2.5. Acentuación da primeira e segunda persoas de plural dos pretéritos

A zona dialectal da que provén Murguía encádrase dentro da área que mostra a acentuación proparoxítona¹⁸, como en castelán ou portugués. Así e todo, respecto do copretérito debemos ter en conta o elevado número de formas verbais correspondentes á primeira e segunda persoas de plural que amosan a acentuación grave etimolóxica en contra do esperado: *asomellabamos* (LPG: 2), *sabiamos* (LPG: 2), *combatiamos* (LPG: 2), *acertabamos* (LPG: 2), *pelexabamos* (LPG: 2), *tiñamos* (LPG: 2), *serviamos* (LPG: 2), *honrabamos* (BRAG: 189). Este mesmo fenómeno tamén é válido para o antepretérito: *deramos* (LPG: 5). Ó seu carón, atopamos formas con acentuación proparoxítona: *éramos* (LPG: 2), *redimisemos* (LPG: 5), *amásemos* (LPG: 5). Esta alternancia é explicable porque a pesar de estar Santiago de Compostela nun territorio no que se produce o desprazamento acentual analóxico, en zonas próximas decorre a isoglosa máis alá da cal non se rexistran casos do mencionado desprazamento dentro da provincia da Coruña¹⁹.

2.6. Radicais dos verbos irregulares

2.6.1. *Dar*

Na primeira persoa de singular do pretérito de indicativo as formas *din* e *dei* son maioritarias no territorio lingüístico do galego²⁰. Porén, en Murguía non encontramos ningunha mostra destas formas verbais. Na terceira persoa de singular do pretérito de indicativo rexístranse en Galicia as variantes *deu*, *diu*, *dou*²¹. A metade dos casos que atopamos presentan a solución *deu*, resultado propio da provincia da Coruña a excepción do nordeste: *déulle* (LPG: 3), *déumos* (LPG: 4). No resto das formas apreciamos no tema de pretérito un radical con *o*: *Doull'o celta* (LPG: 2), *que dou a imprensa* (BRAG: 191).

17 Dubert García, Francisco, "Alguns fenómenos morfolóxicos do galego de Santiago", *Cadernos de Lingua*, 11, 1º semestre de 1995, pp. 91-92.

18 Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía...*, ob. cit., pp. 84-85.

19 Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía...*, ob. cit., pp. 85-86.

20 Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía...*, ob. cit., p. 93.

21 García, Constantino e Manuel González González (dirs.), *Atlas Lingüístico Galego. Vol. I: 2. Morfoloxía verbal*, ob. cit., p. 428.

2.6.2. *Dicir*

O radical que exhibe unha vogal *-e-* está documentado en Santiago de Compostela e os seus arredores, ben que tampouco podemos descarta-lo ascendente exercido polo castelán. Sabido isto, observamos que Murguía utiliza de xeito case exclusivo formas co devandito radical, como podemos comprobar nos seguintes exemplos: *decir* (LPG: 3), *decirse* (LPG: 3), *decime* (LPG: 4), *decídesvos* (LPG: 5), *decindo* (OTM: 2), *decíndovos* (BRAG: 184), *decía* (BRAG: 186). Ó seu carón achamos vocábulos que amosan a vogal radical *-i-*: *dixeran* (LPG: 1), *din* (LPG: 4), *dixesen* (LPG: 5), *dicir* (BRAG: 191), *dixen* (BRAG: 192).

2.6.3. *Estar*

O radical empregado por Murguía no tema de pretérito é o característico do galego *estiv-* (*estivo*, BRAG: 189), sen que localizásemos exemplos do radical do castelán *estuv-*, moi estendido por todo o territorio galego²².

2.6.4. *Facer / Faguer*

Murguía, natural da parte central da provincia da Coruña, segue en moitos casos o uso dialectal típico desta zona. No tema de presente, a distribución do radical *fac-* é maioritario nas falas galegas, rexistrándose a presenza de *faguer* na metade occidental de Ourense. No tema de pretérito *fix-* é o radical máis estendido²³. Como podemos observar nos exemplos que seguen, non sempre o noso autor utilizou as formas propias da súa zona lingüística: *faga* (LPG: 2), *faguer* (OTM: 2), *fixemos* (LPG: 6).

2.6.5. *Haber*

Tocante ó tema de presente, merece destacarse a forma *habedes* (LPG: 6), característica da metade occidental de Galicia²⁴. No presente de subxuntivo é salientable o emprego do radical maioritario *hax-* (*haxan*, LPG: 3) sen que anotásemos exemplos nos que aparece o radical *hab-*, testemuñado no occidente da Coruña. Por outra banda, o influxo do castelán fica patente en formas como *hayan* (BRAG: 184).

2.6.6. *Ir*

No presente de indicativo, *imos* e *vamos* atéstanse por todo o dominio lingüístico galego, con frecuencia as dúas nun mesmo punto, sen formar áreas compactas. Murguía sérvese unicamente da segunda, seguramente influído polo castelán: *vamos esquecendo* (LPG: 2), *e vamos directamente ô fin proposto* (LPG: 5). No que atinxe á terceira persoa de plural do copretérito, é relevante o uso da forma castelá *iban* (LPG: 3) no canto da hoxe normativa *ían*.

2.6.7. *Oír / Ouvir*

As solucións no radical que este verbo pode presentar nas formas arrizotónicas do tema de presente (excepto o subxuntivo) e do pretérito son: *ouv[-ir]*, *ou[-ir]*, *ougu[-ir]* e a

22 Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía...*, ob. cit., p. 95.

23 Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía...*, ob. cit., pp. 95-96.

24 Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía...*, ob. cit., p. 96.

castelanizada o[-ir]²⁵. Nos textos de Murguía as solucións corresponden univocamente ó radical *o-*: *oía* (LPG: 2), *óyense* (LPG: 2), *oirase* (LPG: 3), *oimos* (LPG: 5), *oídes* (LPG: 2), *oyeu* (BRAG: 191), mesmo con algunha eiva polo que respecta á vogal temática: *onse* (LPG: 1).

2.6.8. Poder

No tema de presente encontramos casos co radical *poíd-*, documentado no nordeste da provincia da Coruña: *póido* (LPG: 3), *poída* (LPG: 3). No tema de pretérito existe en galego a distribución dos radicais *pud-*, rexistrado entre outras partes na metade occidental da Coruña, e *puid-*, que é a forma da metade oriental da Coruña²⁶. Isto reflíctese nos textos do noso autor, nos que atestamos un exemplo coa raíz *pud-*: *puderon* (LPG: 3).

2.6.9. Poñer / Pór

O verbo *pór* e os seus derivados localízanse nalgúns puntos illados da provincia da Coruña, sendo *poñer* e mailos seus derivados os resultados maioritarios²⁷. Na produción de Murguía as dúas formas alternan o seu uso, como podemos comprobar a través dos seguintes exemplos: *poñamos* (LPG: 2), *por* (LPG:3), *poñen* (LPG: 6), *supor* (BRAG: 192). No tema de pretérito, Murguía utiliza o radical *pux-*, habitual na maioría das falas galegas: *puxo* (LPG: 5), *puxen* (LO: 2).

2.6.10. Querer

A conjugación deste verbo segue no noso autor a norma xeral, de xeito que as formas pertencentes ós temas de presente e de pretérito non evidencian particularidades que as afasten do modelo do galego común: *queren* (LPG: 5), *quixeches* (OTM: 2), *quixo* (BRAG: 189). Igualmente, o radical exhibido polo autor no presente de subxuntivo, *queir-*, é o esperado por se-lo dominante nas falas galegas fronte ó radical reducido *quir-*, testemuñado nalgúns falas do occidente da Coruña²⁸: *queira* (BRAG: 190).

2.6.11. Saber

Fernández Rei apunta que no presente de subxuntivo o radical castelán *sep-* substituíu o galego *saib-*²⁹ en moitas falas. Da influencia da forma castelá sobre a galega resultaría o radical *seip-*, que achamos na obra en galego de Murguía: *seipades* (TAN: 23). Outras formas verbais non presentan alteracións respecto do paradigma do galego común: *sabedes* (LPG: 5). O tema de pretérito amosa o radical *soup-* (*soupo*, BRAG: 188), maioritario no galego común, mesmo que o radical atestado no nordeste e o occidente da Coruña sexa *soub-*.

25 Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía...*, ob. cit., pp. 97 e 134. Convén sinalar que Rodríguez González inclúe no seu dicionario as formas *ouvir*, *ouvido*, *ouvinte* e mesmo *ouzar*, mais non *oir*, que debe considerar un castelanismo (Rodríguez González, Eladio, *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, t. III, Vigo, Galaxia, 1961, p. 61).

26 Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía...*, ob. cit., p. 98.

27 García, Constantino e Manuel González González (dirs.), *Atlas Lingüístico Galego. Vol. I: 1. Morfoloxía verbal*, ob. cit., p. 642.

28 Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía...*, ob. cit., p. 98.

29 Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía...*, ob. cit., p. 99.

2.6.12. *Ser*

Cómpre destaca-la alternancia da vogal radical na primeira persoa de plural do presente de indicativo: *somos* (LPG: 2) / *semos* (LPG: 5), alternancia que tamén apreciamos na poesía de Rosalía³⁰. No galego común, a primeira persoa de plural do pretérito de indicativo e a flexión enteira do antepretérito de indicativo e do pretérito de subxuntivo teñen un radical común: *fo-* (*fomos*, LPG: 2, LPG: 6; *fose*, LPG: 2). Non obstante, igual ca noutras falas próximas, Murguía emprega tamén algunha forma cun radical *fu-* na primeira persoa de plural do pretérito de indicativo³¹: *fumos* (LPG: 5). Non nos parece de ningún xeito que este *u* sexa un castelanismo por influencia da forma *fuimos*, xa que mellor cremos nunha analoxía coa primeira e maila segunda persoas de singular galegas: *fuches* (OTM: 2). Polo que se refire ó presente de subxuntivo, anotámo-lo uso da forma castelá *sea* (LPG: 3, BRAG: 190).

2.6.13. *Ter*

O radical castelanizado *tuv-* aparece en todo o territorio galego, mentres que o radical *tiv-* é máis frecuente no oeste de Lugo, centro da Coruña e na metade sur de Pontevedra³². Murguía fai uso dos dous radicais, ben que o radical propio do galego é o máis corrente nos seus textos: *tivo* (LPG: 2, LPG: 4), *tivemos* (LPG: 2), *tuvo* (BRAG: 186, TAN: 23). A primeira persoa de singular do presente de indicativo amosa o radical típico do galego: *teño* (LO: 2, BRAG: 191). Tamén convén resalta-lo comportamento de Murguía no que atangue á terceira persoa de plural deste tempo verbal. Fernández Rei, que estudou a súa distribución xeográfica, infórmanos de que nesta persoa se rexistra a variante *ten* no oeste da Coruña, amais de subliñar que esta forma soe aparecer en concorrencia coa analóxica *teñen*³³, que é a máis estendida en Galicia e a única que ofrece Murguía na súa obra: *teñen* (LPG: 3). Tampouco localizamos alteracións verbo das formas do presente de subxuntivo: *teñas* (LO: 2).

2.6.14. *Valer*

Cabe facer nota-la utilización por parte de Murguía no tema de presente do radical *vall-*, propio da metade oriental da Coruña (*valla*, BRAG: 185), fronte ó radical *val-* documentado na banda occidental de Galicia³⁴. Polo demais, advertímo-la presenza dalgunha outra forma que comporta diferenzas con relación ó estándar galego, como é o caso da terceira persoa de singular do presente de indicativo, influída pola norma portuguesa: *val* (OTM: 2).

2.6.15. *Vir / Ver*

Tocante ó verbo *vir*, advertímo-la ausencia da alternancia das formas da terceira persoa de plural do presente de indicativo: *vén* / *veñen*, prevalecendo a forma analóxica na obra en galego do noso autor: *veñen* (LPG: 3). Como xa indicamos con anterioridade, Murguía dá un tratamento adecuado á terceira persoa de singular do pretérito de indicativo do verbo *vir*: *veu* (LPG: 2), sen que localizásemos exemplos deste tempo e persoa no verbo *ver*. Tamén é

30 Carballo Calero, Ricardo, *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro*, ob. cit., p. 57.
31 Fernández Rei, Francisco, *Dialectología...*, ob. cit., p. 97.
32 Fernández Rei, Francisco, *Dialectología...*, ob. cit., p. 101.
33 Fernández Rei, Francisco, *Dialectología...*, ob. cit., p. 101.
34 Fernández Rei, Francisco, *Dialectología...*, ob. cit., p. 102.

necesario sinalar que a primeira persoa de singular do pretérito do verbo *ver* leva a consoante nasal: *vin* (BRAG: 185), de acordo coa tendencia xeral en galego a que os pretéritos fracos en *-er*, *-ir* e os pretéritos fortes exhiban un sufixo *-n* na primeira persoa de singular fronte ó que acontece en castelán ou en portugués, que carecen dese *-n*. Canto á segunda persoa de plural do presente de indicativo, esta presenta o resultado *vedes* (BRAG: 188).

2.7. Perífrases verbais

Son abundantes na produción en galego de Murguía, habendo unha diversificación e unha pluralidade de tipos e valores dabondo destacables. Polo que se refire ás perífrases temporais, é de nota-la corrección que preside a construción *ir + infinitivo*: *moimento que os da tua vila van faguer* (OTM: 2). Entre as perífrases modais que expresan obrigación ou hipótese sobresa a construción *haber + de + infinitivo*: *Se me dixeran qu'había de ser* (LPG: 1), *ha de ser fecundo en bens* (LPG: 2), *han de deter as ameazas* (LPG: 5), *n'ha de ter término* (LPG: 5). Igualmente numerosos son os casos da perífrase con sentido de probabilidade formada polo verbo *poder* seguido de infinitivo: *sin que poida decirse* (LPG: 3), *non puderon escapar* (LPG: 3), *soyo poden ser admirados* (LPG: 4), *d'o que podemos chamar o noso paraíso* (LPG: 6). Menos usuais son as construcións *deber + infinitivo* (*debemos selo*, LPG: 2; *debemos decir*, LPG: 3), *parecer + infinitivo* (*parecen ser eco d'aquela narrazón*, LPG: 3) e *querer + infinitivo* (*queren unirse*, LPG: 5).

Polo que fai ás perífrases aspectuais, distinguimos entre as imperfectivas e as perfectivas. As primeiras indican unha acción que aínda está a se desenvolver, sen rematar, entre as cales cómpre salientar nos textos de Murguía as formadas por *ir + xerundio*, que posúen un valor de desenvolvemento gradual e progresivo da acción verbal: *que vamos esquencendo* (LPG: 4), *pra que se vaya perdendo* (BRAG: 190), *vay xemendo por entre as uces* (BRAG: 191). Menos correntes son *seguir + xerundio* (*siguiu facendo nos EOAS*, BRAG: 191) ou *estar + xerundio* (*están seguindo o camiño*, LPG: 4). En relación con esta última, o habitual de acordo coa localización xeográfica de Santiago de Compostela sería o uso da construción *a + infinitivo* en vez do xerundio, atestado na parte meridional da Coruña³⁵. Verbo das perfectivas, que indican a acción como un proceso rematado, unicamente anotámo-la perífrase formada segundo o esquema *ter + participio*: *a menos que tivese lido as páxinas d'o noso trovador* (LPG: 3).

As perífrases reiterativas indican unha acción que se repite. Tocante á construción *volver + infinitivo*, o único caso que encontramos na obra en galego do Patriarca leva como elemento de relación a preposición *a*, mesmo que a construción tradicional galega prescindida do dito elemento: *volvo a decire* (LPG: 1). Por último, cabería resalta-las perífrases terminativas, as cales expresan unha acción no final do proceso. Nelas se encadra a construción *vir + a + infinitivo*: *veñen a morrer en Galicia* (BRAG: 185), *veñen a ser como chispas* (BRAG: 189).

2.8. Formas nominais

Nos textos de Murguía atopamos participios regulares como *bendecida* (BRAG: 184) ó

35 Rojo, Guillermo, *Perífrasis verbales en el gallego actual*, anexo 2 de *Verba*, 1974, pp. 113-114.

lado doutros irregulares: *acesos* (LPG: 1), *nado* (LPG: 3) / *nados* (BRAG: 188). O xerundio non amosa particularidades dignas de mención. A representación correcta e constante do infinitivo conxugado na escrita soe ser considerada como mostra do bo dominio da lingua galega por parte dun escritor. Con todo e así, non rexistramos ningunha das formas do infinitivo conxugado na obra do noso autor, criado nunha zona da provincia da Coruña onde se fai uso da totalidade das formas do citado tempo verbal³⁶. Á marxe do devandito, non achamos ningún exemplo de infinitivo intensificador³⁷, onde a presenza do infinitivo, reduplicador do verbo principal, serve para poñer de relevo unha acción fronte a outra.

2.9. Construcións co verbo haber

Debido á influencia do modelo castelán, Murguía adoita empregar o verbo *haber* seguido de participio no canto de utilizar o verbo *ter* na devandita construción: *o haber tomado por seu un asunto nacional* (LPG: 2), *por habela tomado d' autor portugués* (LPG: 3). O galego rexeita hoxe o uso das formas do verbo *haber* a carón do participio formando unha perífrase ou tempos compostos, ben que nalgún momento do pasado se apoiou o emprego das formas do pretérito (*houben*), o copretérito (*había*), o pospretérito (*haberia*) e o antepretérito de indicativo (*houbera*), ademais do pretérito de subxuntivo (*houbese*) como auxiliares. Estas formas non eran alleas á lingua falada da época na que viviu Murguía, pois xa aparecían recollidas na *Gramática gallega* de Saco y Arce: *houben + participio, había + participio, houbera / haberia / houbese + participio*³⁸. Anotamos algúns exemplos de construcións co antepretérito e mailo copretérito nos textos do noso autor: *Se n' outros tempos m' houberan dito qu' había de chegar este día* (LPG: 1), *había recibido o golpe que fireu de morte aquela sua filla* (LPG: 3), *en que logares había frorecido* (LPG: 3), *habían recibido na mesma pia bautismal a augua de redenzón* (BRAG: 185). Murguía mesmo chega a se servir dos presentes de indicativo e subxuntivo: *que nos haxan conservado estes e outros recordos* (LPG: 3), *qu' haxan feito d' o noso gallego un idioma* (LPG: 3), *tanto en fin habedes gritado* (LPG: 6), *que se me hayan aberto as portas* (BRAG: 184). Hoxe unicamente se tolera, sen chegar a aceptala plenamente, a construción *houbera / houbese + participio* con valor temporal de antepretérito e modal de irrealidade, inda que a perífrase resultante non posúa unha función específica, pois o seu significado exprésano xa outros tempos verbais como o copretérito e o antepretérito de indicativo ou o pretérito de subxuntivo³⁹.

3. CONCLUSIÓNS

A análise da produción en galego de Murguía revela o uso de solucións morfolóxicas

36 García Gondar, Francisco, *O infinitivo conxugado en galego*, anexo 13 de *Verba*, 1978, p. 22.

37 Recollemos esta denominación de Antón Santamarina, *El verbo gallego*, anexo 4 de *Verba*, 1974, p. 132.

38 Saco y Arce, Juan Antonio, *Gramática gallega*, Lugo, Soto Freire, 1868; 2ª ed.: Orense, Gráficas Tanco, 1967, p. 86.

39 Álvarez Blanco, Rosario *et alii*, *Gramática gallega*, Vigo, Galaxia, 1986, p. 414. Para Carballo Calero, o auxiliar debe aparecer sempre en pretérito de subxuntivo, expresando unha hipotética perfectividade nunha acción suposta no pasado. Esta formación, paralela ó antepretérito de subxuntivo castelán, subliñaría o carácter conclusivo dunha acción suposta (Carballo Calero, Ricardo, *Gramática elemental del gallego común*, 7ª ed., Vigo, Galaxia, 1979, pp. 263-264).

pertencentes a distintas variedades dialectais. Atopamos maioritariamente solucións propias da súa área lingüística ó pé duns poucos trazos típicos doutras zonas, trazos estes últimos dos cales a súa presenza sería explicable polo influxo doutros escritores. A este respecto, inferimos que, aínda que baseado na fala popular, Murguía reflicte o aprendido nas súas lecturas doutros autores, amais do contacto directo coa fala da súa dona Rosalía. Isto traduciuse no emprego por motivos estilísticos, sen a menor intención de fixar un sistema, de distintas variantes diatópicas da lingua, o que resulta obvio á vista da asistematicidade do criterio exhibido polo noso autor. O número de castelanismos non é excesivo, sendo plausible que Murguía seguisse determinados aspectos da gramática de Saco y Arce; ora ben, os vulgarismos, reflectidos nas vacilacións vocálicas e noutras desviacións varias, marcan tamén os seus textos, que, desta maneira, nos ofrecen un retrato bastante aproximado do estado do idioma galego naquela época.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- ÁLVAREZ BLANCO, ROSARIO ET ALII: *Gramática galega*, Vigo, Galaxia, 1986.
- CARBALLO CALERO, RICARDO: *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicaciones de la USC, 1972.
- _____: *Gramática elemental del gallego común*, 7ª ed., Vigo, Galaxia, 1979.
- DUBERT GARCÍA, FRANCISCO: “Algúns fenómenos morfolóxicos do galego de Santiago”, *Cadernos de Lingua*, 11, 1º semestre de 1995, pp. 71-101.
- FERNÁNDEZ REI, FRANCISCO: *Dialectoloxía galega*, Vigo, Xerais, 1990.
- FERREIRO, MANUEL: *Gramática histórica galega. Vol. I*, 3ª ed., Santiago de Compostela, Laiovento, 1996.
- GARCÍA GONDAR, FRANCISCO: *O infinitivo conxugado en galego*, anexo 13 de *Verba*, 1978.
- GARCÍA GONZÁLEZ, CONSTANTINO E MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ (dirs.): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. I: 1. Morfoloxía verbal*, A Coruña, Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1990.
- _____: *Atlas Lingüístico Galego. Vol. I: 2. Morfoloxía verbal*, A Coruña, Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1990.
- MARIÑO PAZ, RAMÓN: “O sufixo número-persoal da P5 en galego: o retroceso moderno da solución *cantás*”, *Cadernos de Lingua*, 5, 1º semestre de 1992, pp. 75-97.
- MURGUÍA, MANUEL: “Nena das soledades”, *La Oliva*, 8, 27-II-1856, p. 2.
- _____: “Juegos Florales de Galicia. Discurso d’o Presidente, Manuel Murguía”, *La Patria Gallega*, 7-8, 15-VII-1891, pp. 1-6.
- _____: [“A Valentín Lamas Carvajal”], *O Tío Marcos d’a Portela. Parrafeos c’o pobo gallego*, 32, 31-V-1918, p. 2.
- _____: [“A Curros”], *Terra a Nosa. Suplemento de El Noroeste. Homenaxe a Curros Enríquez*, 28-II-1919, p. 23.
- _____: “Eduardo Pondal e a súa obra”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 248-249, 1933, pp. 184-192.
- _____: *Escritos en galego*, Vigo, Galaxia, 2000.

- NEIRA VILAS, XOSÉ: *Manuel Murguía e os galegos da Habana*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 2000.
- RABUÑAL CORGO, HENRIQUE: *Manuel Murguía*, Santiago de Compostela, Laiovento, 1999.
- REAL ACADEMIA GALEGA / INSTITUTO DA LINGUA GALEGA: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, 18ª ed., Vigo, RAG / ILG, 2003.
- RISCO, VICENTE: *Manuel Murguía*, 2ª ed., Vigo, Galaxia, 1976.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, ELADIO: *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, 3 vols., Vigo, Galaxia, 1958-1961.
- ROJO, GUILLERMO: *Perífrasis verbales en el gallego actual*, anexo 2 de *Verba*, 1974.
- RÚA FERRADAS, MARÍA DO MAR: “Estudio do galego en Aires d’a miña terra e no *Divino Sainete*”, en Sánchez, Cesáreo (coord.), *Curros Enríquez. Crebar as liras*, Cadernos A Nosa Cultura, 9, Vigo, Eds. A Nosa Terra, 1987, pp. 67-71.
- SACO Y ARCE, JUAN ANTONIO: *Gramática gallega*, Lugo, Soto Freire, 1868; 2ª ed.: Orense, Gráficas Tanco, 1967.
- SANTAMARINA, ANTÓN: *El verbo gallego*, anexo 4 de *Verba*, 1974.
- VIDAL, FRANCISCO ANTONIO: *Manuel Murguía. Textos en galego*, Cadernos Cruceiro do Rego, 10, Noia, Toxosoutos, 1999.